



## Presentación do Programa de Accións Formativas de empresas con compromiso de contratación



18 de xullo de 2023



11.00 horas



Online

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia vén de publicar a nova convocatoria para financiar unidades formativas para persoas desempregadas en empresas. O compromiso de contratación debe ser de, polo menos, o 40% se se trata de insercións de 12 ou máis meses.

A Xunta de Galicia destina a esta iniciativa 3,1 millóns de euros para brindar máis e mellores oportunidades ás persoas demandantes de emprego, permitíndolles adaptar a súa formación aos perfís demandados polas empresas.

Estes apoios poden ser solicitados ata o 2 de outubro por empresas de calquera forma xurídica, agrupacións temporais de empresas.

Con esta liña de axudas o Goberno galego promove a mellora da empregabilidade, ao tempo que contribúe a adaptar a cualificación das persoas traballadoras para favorecer a competitividade do tecido produtivo.

No marco deste webinar, Clusaga favorecerá a participación das súas empresas socias neste programa, co obxectivo último de beneficiar ao sector alimentario.

### Máis información

✉ [unitec@clusaga.org](mailto:unitec@clusaga.org)

📞 981 556 062

**FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN**

## PROGRAMA

11.00	<b>Benvida institucional</b> Zeltia Lado Lago   Directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Xunta de Galicia Roberto Alonso Ferro   Director de Clusaga
11.10	<b>Convocatoria de axudas a Accións Formativas con compromiso de contratación en unidades formativas de empresas</b> Antía Guillén García   Subdirectora Xeral de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia
11.30	<b>Caso práctico. Finsa</b> Maite Fajardo Rocha   Responsable de proxectos de formación de GDOCE
11.50	<b>Apoio de Clusaga para a constitución de unidades formativas sectoriais</b> Roberto Alonso Ferro   Director de Clusaga
11:55	<b>Mesas de traballo sectoriais</b>
12.30	<b>Clausura da xornada</b>

